


## CORRECCIÓN DE ERROS DA ORDE DE PECHE DO EXERCICIO 2016

Publicada a Orde de Peche do Exercicio 2016 o 11 de outubro de 2016 corríxense os seguintes erros:

### A.1-Recepción e tramitación de documentos contables:

Onde di:



*“d) Para os gastos que efectivamente realizáronse no exercicio 2016, pero cuxo xustificante ou factura se recibira con posterioridade as datas establecidas nesta orde e ata o 30 de decembro, e sempre que non estean suxeitos a I.V.E. deducible, I.V.E. intracomunitario ou IRPF permitírase a confección de documentos ADO ou O para o seu envío o Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería ata o día 30 de decembro do ano 2016.”*

Debe dicir:

*“d) Para os gastos que efectivamente realizáronse no exercicio 2016, pero cuxo xustificante ou factura se recibira con posterioridade as datas establecidas nesta orde e ata o 30 de decembro, e sempre que non estean suxeitos a I.V.E. deducible, I.V.E. intracomunitario ou IRPF permitírase a confección de documentos ADO ou O para o seu envío o Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería ata o día 30 de decembro do ano 2016. Terán ata o día 16 de xaneiro de 2017 para enviar a documentación ao Servizo de Contabilidade.”*

2-No tocante as Actuacións na aplicación informática de pedidos cara o peche do exercicio 2016 onde di:

*“3-A posibilidade de realizar operacións na aplicación informática de pedidos para a conformación dos recibidos ou para calquera outra que se precise, sempre que se cumpra co establecido nos apartados anteriores, pecharase o día 12 de decembro.”*

Debe dicir:

*“3-A posibilidade de realizar operacións na aplicación informática de pedidos para a conformación dos recibidos ou para calquera outra que se precise, sempre que se cumpra co establecido nos apartados anteriores, pecharase o día 16 de decembro.”*

3-No tocante as Actuacións na aplicación informática de pedidos cara o peche do exercicio 2016 onde di:

*“6-Os pedidos que a data 30 de decembro non alcancen a fase CONFORME, e queden en fase TRAMITADO, deberán anularse no aplicativo de pedido e xerar un novo pedido con cargo ao exercicio 2017.”*

Debe dicir:

*“6-Os pedidos que a data 30 de decembro non alcancen a fase CONFORME, e queden en fase TRAMITADO, deberán recepcionarse como Non Conforme no aplicativo de pedido e xerar un novo pedido con cargo ao exercicio 2017 de xeito que queden vinculados automaticamente.”*

Vigo, 18 de outubro de 2016

O REITOR

Asdo.: Salustiano Mato de la Iglesia

